

CAMIÑO DE SANTIAGO



VÍA DA PRATA

A Vía da Prata ou Camiño Mozárabe comeza en Sevilla, recorre a Península de norte a sur. É un percorrido de 1000 km, ideal para realizar en bicicleta. Prolonga a calzada romana denominada Vía da Prata, que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga).



A vía trazouse aproveitando camiños antigos. Entra en Galicia por A Mezquita, para seguir ata Ourense e desde alí a Santiago. Cos seus 254,3 km no seu itinerario por Verín, os 223,2 km por Laza ou 198,1 km por Feces. É o camiño xacobeo galego de maior percorrido.

O término “Vía da Prata” procede do árabe Bal'latta, que é a palabra coa que os musulmáns designaron a ampla vía pública empedrada e de sólido trazado pola que se encamiñaban ao norte. Non obstante, este vial si que se chegou a empregar para o comercio da prata americana que chegaba aos peiraos de Sevilla.

A Vía da Prata ou Camiño Mozárabe percorre por Galicia un patrimonio natural e etnográfico de excepción: a enorme riqueza da provincia de Ourense, a comarca do Deza e o cauce do río Ulla preséntanse ante o camiñante cheos de atractivo.

Na segunda metade do s. XIII —despois da toma de Sevilla e Córdoba aos árabes— este itinerario comeza a ser utilizado polos peregrinos de Andalucía e Extremadura.

Uns seguían ata Astorga, enlazando aquí co Camiño Francés; outros tomaban a desviación de Puebla de Sanabria-A Gudiña e dende aquí —ben por Laza o ben a través de Verín— ata

Ourense e Santiago. E unha terceira posibilidade levaba aos peregrinos polo noreste de Portugal cara Verín.

Hoxe en día o Camino ten dous itinerarios dende o núcleo de A Gudiña ata a cidade de Ourense: la ruta coñecida como Verea Sur, por Laza; a alternativa a ésta transita polo val de Monterrei ata Verín. Ambas seguen xuntas desde Ourense ata Santiago por Cea, Dozón, Silleda e A Ponte Ulla.

Por esta ruta avanzou Almanzor coa súa infantería contra Santiago en agosto de 997. E por ela, ao parecer, regresaron, de Córdoba a Compostela, as campás da catedral que el tiña levado naquela ocasión e que tivo que devolver.

No extremo norte da provincia de Ourense, nada más entrar en Galicia, unha paisaxe singular nos chamará a atención: a Serra da Enciña da Lastra.

Trátase dun atípico parque natural (situado en el municipio de Rubiá, comarca de Valdeorras) de vexetación mediterránea, presidido por un gran bosque de encinas, aves rapaces, como o voitre blanco ou a aguia real, e un solo calizo de abundantes covas que acollen importantes colonias de morcegos.



Segundo polo norte da provincia ourensana; álzase tamén o teito de Galicia: Pena Trevinca, con 2.124 m de altitude. No seu entorno, lagoas como a de A Serpe, memoria dos glaciares de hai 10.000 anos, ou o mellor bosque de teixos do sur de Europa, en Casaio (municipio de Carballeda de Valdeorras): medio millar de exemplares varias veces centenarios, algúns con máis de 25 m de alto.



Pasear entre viñedos é unha oportunidade única arredor da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, pois dúas importantes denominacións de orixe teñen por estes lares o seu su territorio: a D. O. Valdeorras (á entrada de Galicia), e a D. O. Ribeira Sacra, fronteriza entre as provincias de Lugo e Ourense.




En Valdeorras, o caudaloso río Sil (afluente do Miño) atravesa a comarca, marcando vales e montañas.

A pizarra corona os tellados, e da terra vermella e arcilosa crece unha vide cunha forte personalidade. Son uvas tintas como as do mencía, ou blancas, como as godello.

A historia remóntase á época na que os romanos chegaron a Gallaecia en busca de ouro, e o atoparon, en metal e na paisaxe.

Poderemos, polo tanto, planificar unha visita obrigada a algunha das tradicionais bodegas, conversar cos bodegairos ou presenciar as labores da vendimia ao comezo do outono.

E de Valdeorras, á comarca da Ribeira Sacra que reúne a maior concentración de igrexas e mosteiros románicos de toda Europa.



ACTIVIDADES

1. Unha vez que o camiño entra en Galicia pola Mezquita, ordena de menor a maior os quilómetros dos tres itinerarios que podemos escoller.
-

2. Realiza tres sumas diferentes utilizando as tres cifras anteriores, cumprindo a propiedade conmutativa

| | | |
|--|--|--|
| | | |
|--|--|--|

3. Calcula a diferencia de quilómetros entre o camiño por Verín e o camiño por Feces:

| |
|--|
| |
|--|

4. Pena Trevinca mide 2.124 m, cántos metros lle faltan para medir os 3 km de altura?

5. Busca información en internet sobre a arte románica e apunta algunas características

6. Clasifica as seguintes palabras en monosílabas, bisílabas, trisílabas ou polisílabas

Mozáabe – Sevilla – Mérida – Vía – Galicia – musulmáns – prata – se – comercio – Córdoba – Francés – Ulla – río – val – única – Trevinca – Verín – Cea – Dozón – Valdeorras

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | |
| | | | |

7. Copia as palabras do exercicio anterior que levan til

8. Clasifica as palabra anteriores en agudas, graves ou esdrúxulas

| | | |
|--|--|--|
| | | |
| | | |

9. Explica por que levan til ou non estas palabras:

Mérida: _____

Francés _____

Galicia: _____

Val: _____

No ano 2003, esta Ribeira sagrada foi designada polo Consejo de Europa “Itinerario de Interese”. Os seus dous ríos constrúen unha paisaxe única de canóns e bosques que son, ademais, propicios para o cultivo da vide.

Nas terras do Ribeiro e O Carballiño podemos disfrutar da Vila Termal e do Balneario de Laias, o Gran Balneario de O Carballiño e o de Partovia.

Nesta provincia tamén é famoso o entroido, unha festa que abarca os municipios de Xinzo de Limia, Laza e Verín, onde desfilan máscaras con orixe prehistórica.



Cigarróns de Verín



Pantalla de Xinzo




Peliqueiro de Laza

E tras o Entroido, existen santuarios nos que podemos disfrutar da arte como o de Nosa Señora do Faro, en Chantada; Nosa señora do Corpiño, en Lalín; Santa María a Real de Oseira, en San Cristovo de Cea e o mosteiro de Carboeiro, en Silleda.



Mosteiro de Carboeiro



Os ríos que cruzan o camiño, como o Miño e o Sil (afluente do Miño) nos brindan posibilidades naturais, culturais e deportivas. Pero tamén sae ao paso o río Ulla ao pé do Pico Sacro



Facer rafting (descenso en balsa pneumática) por este río constitúe unha das experiencias más activas das que se pode disfrutar. Outra é a subida a pé ao Pico Sacro desde a súa base, en Lestedo-Boqueixón, una alternativa que culmina cunha visita a un dos montes míticos e históricos más auténticos de Galicia.



Ademais da zona de Santiago que destaca pola súa zona monumental, coa Catedral de Santiago, na que se atopa o noso destino, existe outra Compostela e é a conectada coa natureza e o relax, algo necesario unha vez feito o camiño. Este Santiago está presidido polos ríos Sar y Sarela, e os suaves montes que os protexen.

Novos paseos polo río Sar, ao este da cidade, xunto á subida a través de sendas polo novo Bosque de Galicia. Este espazo de 24 hectáreas crece na ladeira do monte Gaiás, que preside a Cidade da Cultura. Ao oeste, no outro extremo da cidade, o monte Pedroso nos brinda quizais a mellor panorámica da cidade milenaria.



ROTEIRO

LUBIÁN-A CANDA > A GUDIÑA

Desde Lubián (Zamora), a Vía da Prata entra na provincia de Ourense polo porto denominado Portela da Canda (1.262 m), municipio de A Mezquita. Este concello é a unión das xentes de Castela, Galicia e Portugal.

Continúa ata os lugares de A Canda e A Vilavella. No descenso pasaremos por unha ponte, a Veiga do Pontón e velllos camiños empedrados protexidos por valados e muros de pedra.



Polo camiño podemos visitar a construcción barroca de A Vilela, dedicada a Santa María da Cabeza, con interesante fachada —con arco de medio punto.

Seguindo cara A Gudiña famosa por ser lugar de moito tránsito e ter bos mesóns para peregrinos e viaxeiros dende o século XVIII. Dise que alí pararon, no ano 1506 a raíña Juana “la loca” e o seu esposo Felipe “el Hermoso”.



En A Gudiña, podemos observar as curiosas pezas de relevo plano ubicadas na fachada dun edificio fronte á antiga cárcere e degustar a gastronomía local na que destacan a carne de porco, cabrito e cordeiro.

LUBIÁN---A CANDA---A VILAVELLA-----O PEREIRO---O CANIZO-----A GUDIÑA
1034m 1262 m 1049m 968m 1067m 980m

Albergue(26 prazas)

ACTIVIDADES

1. Busca información en internet sobre Juana “La Loca” e escribe unha pequena descripción dela.

2. En que lugares indica o texto que se celebra o entroido dende épocas prehistóricas?

3. Calcula a distancia que deben recorrer un peregrino que queira ir de Lubián a Vilavella e outro que queira ir de O Canizo á Gudiña.

4. En que localidade se atopa o Mosteiro de Carboeiro?

5. Ademais do rafting, que outras actividades cres que se poden levar a cabo nun río

6. Clasifica as seguintes palabras segundo teñan ditongo ou hiato

María – real – Oseira – Carboeiro – afluente – mosteiro – Cea – oeste – súa – outra – Santiago
– quizais – milenaria – coa – Boqueixón.

| DITONGOS | HIATOS |
|----------|--------|
| | |

7. Que é un afluente?

8. Que tres lugares une a Mezquita?

9. En que século visitaron Juana “la loca” e Felipe “El Hermoso” A Gudiña?

10. Escribe en números romanos o ano 1506.

11. Cal é a distancia total de Lubián a A Gudiña? Canto falta para completar 10 km?

A GUDIÑA> LAZA

Deixamos atrás a localidade de A Gudiña e collemos a senda que atravesa as impresionantes paisaxes de A Serra Seca. No século XVI se denominaba a este itinerario Camiño Francés o Camiño Real. Pasaremos por A Venda do Espiño e A Venda da Teresa. Transitamos por paisaxes impresionantes e a más de mil metros de altura. Continuamos por A Venda da Capela e A Venda de Bolaño, esta con unha fermosa vista do Monte da Urdiñeira, antigo castro prerromano.



Á dereita esténdese o encoro de As Portas, que detén as aguas del río Camba, afluente do Bibei e que proporciona paisaxes espectaculares. Mais ao norte, o parque natural de O Invernadeiro, no municipio de Vilariño de Conso.



PARQUE NATURAL O INVERNADEIRO

A Serra Seca conclúe en Santiago de Campobecerros, municipio de Castrelo do Val, a 15 km do inicio desta etapa.

Dende o lugar de Eiras entramos na vila de Laza.

QUÉ VER

- As paisaxes de A Serra Seca.
- Igrexa de Santiago de Carracedo da Serra, cunha imaxe de Santiago Peregrino.
- Monte da Urdiñeira, antigo asentamento prerromano.
- Parque natural de O Invernadoiro
- Igrexa de San Xoán Bautista (1701).



ACTIVIDADES

1. Expresa en números:

XVI - _____

XIX - _____

VIII - _____

IV - _____

LX - _____

2. Ordena alfabeticamente o nome destes ríos:

Sil – Miño – Camba – Bibei – Leteo - Ulla – Támega – Limia

3. Que é un castro prerromano? Busca en internet

4. Que actividades se poden realizar no Parque Natural de O Invernadoiro?

5. Escribe en números romanos o ano de construcción da Igrexa de San Xoán Bautista.


LAZA > VILAR DE BARRIO

Esta ruta deixa atrás as grandes panorámicas, sorteamos prados e matorral, camiñando pola cima de estas terras altas, ao pé do Alto de Paradiña e o Monte Talariño.



Pronto alcanzamos o municipio de Sarreaus e o cruce das parroquias de Paradiña e Codesedo; nesta última pasamos polo lugar de O Veredo.

En Sarreaus nace o célebre río Limia, o río Leteo ou “río do olvido” para os griegos, que logo cruzaría o xeneral romano Décimo Junio Bruto.



Descendemos ata Vilar de Barrio, onde culminamos a etapa. Esta vila é capital do municipio. No lugar de Santa María de Bóveda atópase a casona do Marqués de Bóveda de Limia, cabaleiro de Santiago. Estamos en terras de A Limia, extensa comarca central da provincia de Ourense que integra once municipios.



QUÉ VER

- A igrexa parroquial de A Alberguería (s. XVII), que conserva tallas de Santiago e de san Miguel.
- A capilla de A Alberguería.
- Casona do Marqués de Bóveda de Limia.
- Conxuntos de hórreos (en A Edreira, Penouzos, Vilar de Gomareite, etc).
- A 12 km de Vilar de Barrio, o célebre Santuario de Os Milagres (Monte Medo).
- Fontes, lavadeiros, pozos ou canais de pedra completan unha arquitectura popular.



ACTIVIDADES

1. De que século é a igrexa parroquial de A Alberguería. Escribe con números romanos e ao lado con número.
-

2. Ordena de menor a maior o número de quilómetros do percorrido dende Laza a Vilar de Barrio.
-

3. Redondea á unidade todas as cifras decimais do exercicio anterior.
-
-
-

4. Cantos quilómetros hai en total de Laza a Vilar de Barrio? Fai as operacións que precisas e escribe na liña o resultado total.
-

5. Escribe en orde alfabética o nome dos lugares que percorremos dende Laza a Vilar de Barrio.
-

VILAR DE BARRIO>XUNQUEIRA DE AMBÍA

O camiño continúa ata Vilar de Gamareite, un camiño cómodo, ancho, e combina pavimento de pedra con zonas ás veces inundadas en inverno e primavera.



Mosteiro de Xunqueira de Ambía

A ruta continúa ata Bobadela e Cima da Vila antes de entrar en Xunqueira de Ambía, importante centro espiritual en tempos medievais.



Alcanzamos o municipio de **Xunqueira de Ambía**. Pasamos pola parroquia de **Sobradelo** e cruzamos a vía romana XVIII ou **Via Nova**, que unía *Bracara Augusta* (Braga) con *Asturica Augusta*(Astorga), e na que hoxe sorprenden os miliarios romanos conservados que sinalizaban a distancia en millas romanas (1 milla = 1.480 m)—.



ACTIVIDADES

1. Ordena de menor a maior o número de quilómetros do percorrido dende Vilar de Barrio a Xunqueira de Ambía.

2. Redondea á unidade todas as cifras decimais do exercicio anterior.

3. Cantos quilómetros hai en total de Vilar de Barrio a Xunqueira de Ambía? Fai as operacións que precisas e escribe na liña o resultado total.

4. Que é unha vía romana?

5. Se unha milla romana son 1480 m, cantos metros son 12 millas? _____

XUNQUEIRA DE AMBÍA - OURENSE

Esta etapa é corta e de escasos desniveis; nos dous primeiros terzos cruzamos numerosas aldeas e, no último terzo, preto da gran cidade xa se manifesta a aparición de urbanizacións, centros industriais e grandes vías de comunicación. Chegamos a Ourense, unha importante cidade romana grazas a extracción de ouro, os seus dous monumentos más relevantes son a Ponte Vella de orixe romano, e a catedral de san Martiño.



Destaca ademais as súas paisaxes naturais bañadas polo Miño e a súa rica gastronomía.



Pementos de Arnoia



Marróns Glacés

Despois alcanzamos, entre outros, **San Xillao**, **Vilanova e Os Casares**. Neste punto, moitos peregrinos se desviaban ao santuario de **Santa Mariña de Augasantas**. A continuación, ao lugar de **Gaspar** (Baños de Molgas) e **Paderne de Allariz**, hasta el municipio de **Taboadela y San Cibrao das Viñas**, cuyo parque empresarial es puntero en tecnología.



OURENSE - CEA

A ponte romana de Ourense é unha magnífica zona para iniciar a etapa. Dende aquí podemos saír cara a Costiña de Canedo, que segue a dirección do río Miño, ou cara Cudeiro, un alto con boas vistas e con tramos de Camiño Real que manteñen o antigo empedrado.

En **Tamallancos** (municipio de Vilamarín), no lugar de **Sobreira** hai un desvío que conduce ao pazo - castelo de **Vilamarín**.



Na Ponte Sobreira cruzamos o río Barbantiño por unha histórica ponte de pedra e entramos no municipio de Cea, en Casanova nos recibe un decorado con fonte, bordón e cabaza.



A uns dous quilómetros sitúase o núcleo de **San Cristovo de Cea**, célebre polo seu saboroso pan de trigo y polo seu valioso conxunto etnográfico.



CEA - LAXE

Dende **Cea** temos dúas posibilidades: escoller o itinerario más curto, ata **Dozón**, por **Piñor**, ou ben tomar a variante ata o mosteiro de **Oseira**, con grande tradición de acollida a peregrinos.

Camiñamos por terras altas, solitarias e espidas, sen vexetación, ata que comenzamos o rápido descenso ao cauce do río **Dezón**, en **Pontenoufe**, no municipio de **Lalín**.

Polo camiño atopamos un pasado prerromano: **Mámoa de Xandín** o **Mámoa do Castro**.



Mámoa de Xandín

Xa estamos no municipio de Lalín. Seguimos un Camiño Real, noutro tempo con mesóns e posadas e que hoxe mantén algo daquel espírito. A localidade de San Xoán de Botos, patria do pintor **Laxeiro**, aparece pouco despois.



Chegamos a **Lalín**, capital da comarca do Deza, núcleo empresarial do interior de Galicia.

O río Deza continua acompañándonos na nosa ruta.

O Pazo de Oca sorprenderanos cos súas espectaculares xardíns e a cascada do río Toxa polos seus más de 30 m de caída.



1. Por que foi importante Ourense como cidade romana?

2. Cales son os dous monumentos máis importantes de Ourense?

3. Que son os marróns glacés? En que consisten?

4. Fíxate no percorrido dende Xunqueira de Ambía a Ourense. Escribe o nome dos lugares polos que debes pasar. A continuación ordénaos alfabeticamente.


5. Calcula o número de quilómetros que percorres se camiñas dende A Castellana ata Ourense? _____

6. Que é maior, a distancia entre Xunqueira de Ambía e A Pousa ou entre Osende e Pereiras? _____

7. Que río pasa por Ourense? _____ Cal é o seu afluente?

8. Que é un río? E un afluente?

9. Investiga que é unha mámoa. Escribe o nome das dúas que se mencionan no texto que acabamos de ler. A continuación debuxa ti unha.



10. Cal é o río máis importante que pasa por Lalín? _____


11. Por que é espectacular a cascada do río Toxa? Onde se atopa?

LAXE - OUTEIRO

Percorremos os primeiros metros e entramos en **Vilasoa**, alcanzando **Prado**, a través dun desvío, podemos visitar o santuario mariano de O Corpiño.



De volta ao camiño pasamos por **A Borralla** e cruzamos a ponte medieval de **Taboada** sobre o **río Deza**, afluente del Ulla. Seguimos ata chegar a **Silleda**.



Silleda é unha destacada localidade do interior da provincia de Pontevedra , conocida por acoller, no seu enorme pavillón feiral a “Semana Verde de Galicia”



E a Feira Internacional do Turismo “Turisport”




De **Silleda** continuamos o itinerario por **O Foxo** e **Chapa** dous núcleos próximos. Seguimos ata **A Bandeira**, **A Codeseira**, **Piñeiro** y **Castrovite** (municipio de **A Estrada**).

Continúa a ruta ata entrar no municipio de **Vedra** (provincia de **A Coruña**) por a Ponte Ulla, atravesando o cauce do **río Ulla** por unha ponte histórica.



OUTEIRO – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Abandonamos o concello de Vedra, atrás, en San Pedro de Vilanova se sitúa a casa do renomeado santiagués, o historiador **Antonio López Ferreiro** (1837-1910). Pouco despois pasamos por **Rubial**.



Entramos no municipio de **Boqueixón**, un desvío ao mítico **Pico Sacro**, que, cos seus más de cincocentos metros de altura, preside as paisaxes do entorno.

Este monte está vinculado á tradición da *Translatio* do corpo do apóstolo de Iria Flavia a Compostela: nas súa ladeiras comían os touros bravos que os discípulos de Santiago amansaron para que levases o corpo santo cada o seu sepulcro.



Entramos en Santiago de **Compostela** polo Barrio do Sar. Tras pasar a ponte sobre o **río Sar** hai que facer un último esforzo: a dura subida pola **Rúa do Sar** e a **Rúa do Castrón Douro**. Ao culminala, á dereita, pasamos baixo o arco da **Porta de Mazarelos**, a única porta en pé da antiga muralla medieval.



Os últimos pasos darémos pola **Praza da Universidade**, **Rúa da Calderería**, **Praza das Pratarías** e **Praza do Obradoiro**.





Praza da Universidade

Rúa da Calderería



Praza das Pratarías



Praza do Obradoiro



ACTIVIDADES

1. Calcula os quilómetros dende Silleda a Ponte Ulla.

2. Por que cres que se chama Ponte Ulla?

3. Investiga quen foi Antonio López Ferreiro

4. Que dúas feiras importantes acolle Silleda?

5. Clasifica estas palabras en agudas ou graves

Vilasoa – Prado – río – Taboada – interior – acoller – pavillón – desvío – Boqueixón – Mazarelos

6. Separa en sílabas as palabras anteriores e escribe ao lado o tipo de palabra que é segundo o seu número.

7. Das palabras anteriores copia dúas con ditongo e dúas con hiato

8. Explica por que levan til: río e Boqueixón

9. Que cousas cres que serían importantes na túa mochila para facer o camiño.

10. Imaxina que durante o percorrido un dos teus compañeiros sofre unha escordadura. Que terías que facer?

11. Ao chegar a Santiago decides enviarlle unha postal a un amigo para contarlle como che foi a túa aventura. Escribe aquí todo o que lle contarías e engade un debuxo do que máis te chamase a atención.

BIBLIOGRAFÍA

<https://www.caminodesantiago.gal/>

<https://caminodesantiago.consumer.es/los-caminos-de-santiago/via-de-la-plata>

<https://www.gronze.com/via-plata>

<https://www.pilgrim.es/via-plata/>

<https://www.elcaminodelaplata.com/>

<https://vivecamino.com/via-de-la-plata-por-laza/etapas/>